

Concello de Viveiro

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 29 de outubro de 2020, relativo a Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal **DE UN CAPATAZ E DOUS PEÑONS**, coas cláusulas específicas de traballos de interese social, ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020, con número de expediente: 2097/2020.

Vistas as Bases Xerais, os seus anexos e as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da risga, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro.

Vista a base xeral 7.1, que sinala "(...) Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base xeral 7.2, que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros..."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Grupo Mixto que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona María Dolores Díaz Lorenzo, Directora da Oficina de Emprego de Viveiro.

Suplente: Dona Alicia Blanco Pérez, Técnico da Oficina de Emprego de Viveiro

VOGAIS:

Titular: Dona Nuria Chao Vidal, Técnica Medio do Equipo de Coordinación de Inclusión Sociolaboral de Mondoñedo.

Suplente: Dona Alexandra López Rodríguez, Técnica Superior do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Mondoñedo.

D. Antonio Miranda Fernández. Técnico de Coordinación Departamento de Inclusión.

Titular: Don Eduardo Otero Pardo, Técnico de informática do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona Encarnación Casas Polo, Administrativo de Secretaría do Concello de Viveiro.

Titular: Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

Suplente: María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Asesor: Javier Balseiro Fernández, Director do Centro de Servizos Sociais do Concello de Viveiro.

SECRETARIO:

Titular: Jose Vivero Russo, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro

Suplente: Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

SEGUNDO.- Citar aos membros do Grupo Mixto para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro nas datas VENRES 13 DE NOVIEMBRE DE 2020, ás 10:00 horas para a súa constitución, realizar a lista provisional de admitidos e excluídos e valoración de méritos no suposto de non existir aspirantes excluídos.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2
do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

